

DIA DOS LETRAS GALEGAS

F
A
L
A
D
O
I
R
O



SON EDUARDO
BLANCO AMOR.
"NON OLVIDES
COMPRAR O
FALADOIRO,
ALI ESTAREI EU"

ESTE ANO LEMBRÁMONOS DE
EDUARDO·BLANCO·AMOR

C. P. TORRE-CER

ANO IV - Nº VI

SAUDO e INDICE

¡HOLA, AMIGOS LECTORES!

Encontrades nas vosas mans un novo número de FALADOIRO. Nel atoparemos:

PORTADA.....	Manuel Gallego e J. Miguel C. 6º A
SAUDO E INDICE.....	Redacción
CONTOS DE PRIMEIRO CONTAN CONTOS.....	Varios alumnos de 1º
TRABALINGUAS	Diego Cortizo de 2º
DIARIO PACIFICO	Rocio, Patricia e Fátima de 7º
"MIGUEL "	Francisco Novas de 5º
PELEGRIN	Varios alumnos de 5ºB
ADIVINANZAS.....	Romina Pena, Antonio e Irene 3º-4º
COMPANEIROS INSEPARABLES.....	Varios alumnos de 4º A
XACOBEO 93 EN GALICIA	Iván Mendiña de 6º B
BIOGRAFIA.....	J. Manuel Blanco de 6º A
EDUARDO BLANCO AMOR.....	Paula Lorenzo 6ºA
DIA DAS LETRAS GALEGAS	Varios alumnos de 5ºA
DIA DA PAZ.....	Rosa e Elena Dios de 7ºA
SEMANAL EUROPEO.....	Aurora Juscal Ma PAZ de 7º B
APARELLOS DE PESCA E LINAS II.....	Clegario e Vicente Ríos 7ºB
O SIGNIFICADO DOS NOMES.....	Cristina Parada 6ºB
PAPEL RECICLADO.....	Noelia Piñeiro 6ºB
DEBUXO.....	Lorena Barbosa E. Infantil
DEBUXO.....	Raquel García 1º
DEBUXO	Vanesa coya 2º
" CANDO ERA PEQUENO ".....	Adrián Carballo 3º
" COUSAS DE CELA "	Delia Vázquez 4ºB
" A NOZA PARROQUIA "	Alejandro Cobas 5ºA
" CELA "	Celsa González 6ºA
" CELA "	Andrea Fernández 7ºA
" VEN A CONECER O IGREIARIO ".....	Nati Parada 8º
" O MONO SALTARIN DA ILLA NOAGARA ".....	José Antonio Souto 4ºB
"MEU SONO ".....	Fátima Cruz 6ºA
" O MEU SONO ".....	Margarita Iglesias 6ºA
" UNHA VIAXE A MARTE ".....	Elena Arias 6ºA
"UN DIA NA PRAIA "	Paula Lorenzo 6ºA
AS NOSAS PEGATINAS.....	Varios
HUMOR	Manuel e J. Miguel 6ºB
REFRANS	Manuel e J. Miguel 6ºB
PASATEMPOS	José Franco 6ºA
DEPORTE ESCOLAR.....	Redacción
CONTRAPORTADA	Celso Novas 6ºB


Os de Primeiro contan contos

O DRAGÓN E AS BOLBORETAS

Era unha vez un dragón bo que vivía no paraíso. O paraíso estaba cheo de bolboretas. O dragón estaba moi ledo e as bolboretas andaban arredor da súa boca e do seu nariz e dos seus ollos e tamén das súas orellas. Pero un día enfadouse e as bolboretas marcharon.

Cando chegou a primavera as bolboretas volveron e o dragón viviu feliz.

Eva A. Barbosa González



O LADRÓN DE PAXAROS

Había unha vez un neno que collía paxaros. Un día cazou un paxaro para escoitar como cantaba. O neno meteuno nunha gaiola. O paxaro non lle cantaba. O neno deulle moito de comer e o paxaro non cantaba nada. Como non lle cantaba nada soltouno e o paxaro foi feliz.

Saúl Cabaleiro Davila



O PIRATA E O TESOURO

Un pirata saiu a pasear. Entón atopou un mapa que decía que había un tesouro.

Despois colleu o barco e púxose a buscar o tesouro pero non o atopaba, porque o tesouro estaba nunha cova debaixo do mar.

Ó final o pirata botouse á auga e atopou o tesouro e foi moi rico e foi moi feliz.

Rubén Bolaños Parada



O DELFIN

Éra unha vez un delfín que unhos homes o querían pescar. Eles non o podían pescar. Tódolos días o intentaban pero o delfín nadaba moi rápido.

Despois un día un home clavoulle un arpón. Un neno atopouno xunto a súa casa da praia e curoulle a ferida e fixéronse amigos.

Ángel Sotelo Juncal



O GATO E O LORO


Érase unha vez un gato que saíu a pasear. O gato encontrouse cun loro. O loro estaba comendo cacahuetes.

O gato quería comer ó loro.

O loro deulle cacahuetes. O gato como non lle gustan os cacahuetes, quería comer ó loro.

O loro voou e marchou.

Raquel García Pastoriza



O BOSQUE QUEIMADO

Éra un dragón que chegou a un bosque. Alí encontrou a unhos paxaros que vivían naquel bosque.

O dragón quería botar ós paxaros para quedar a vivir no bosque.

O dragón botou lume polaboca e as árbores arderon e o bosque tamén ardeu.

Os paxaros marcharon do bosque porque as súas casas arderan.

O dragón marchou do bosque porque non podía facer a súa casa nun bosque ardido.



David González

Trabalínguas

Pancho Pincho, na sua choupana,


churrou num pincho

um cachelo e um chouriso


Como churrou Pancho Pincho,

na sua choupana, um cachelo

e um chouriso num pincho.



Diego Cortizo Garcia 2º



¿Sabedes que no colégio hai
dois companheiros que levau, possibil-
mente, mais de cincuenta anos
xuntos?

Ben seguro que non vos tedes
fixado neles, pero sempre están
no mesmo sitio e deben ser os
mais altos do patio.

Xa estaban aquí cando fixeron o coléxi
e nós cremos que si poiderem fale
contaríanos moitas cousas. Estamos a
falar das dúas árbores que adornan
a entrada. Son doos cipreses. É unha
árbore de folla perenne / e chega
a alcanzar os 20 m. Si frota as
as follas comprobáras que cheiran a
rexil. Ten unhas piñas pequenas
globulares que son verdes primarias

mente é a medida que creceu tér-
nanse pardo-olivas. É unha árbore de
lento crecemento por elo que pode che-
gar a vivir dous mil anos aproximada-
mente. É unha árbore bonita polo
que se cultiva en parques e xardíns.
Bon, pois estes son os nosos compañeiros.
¿Gustáronvos? Bon, pois a partir de a-
gora respétadeos moito porque cando
os nosos fillos veniam a este colexio,
eles seguirán ahí contemplando o
pasar do tempo.

Autores → Alumnos de 4ºA

~~Leandro~~

Maura

Hoelia

Jonathan

Alexandro

Coas noticias que máis nos gustaron, foran ou non verdade elaboramos dúas portadas:

DIARIO PAZIFICO

POLITICA

Hoxe día 30, os políticos decidiron unirse para dar exemplo deste día

TERRORISMO

Os de Eta, chegaron o acordo de deixar as armas e unirse a paz.

ANIMALS

Fixeron varios centros para acoller animais callejeros, e aqueles que son agachados polo mar Negro.

INDUSTRIAS

As industrias textiles, e alimenticias déronlle unha gran axuda, dandolle roupa e comida, a Bosnia

CUPÓN

O cupón saído hoxe día 30 de Xaneiro foi

000000010


O que indica que os que mercaron este décimo foron premiados con 5 pts.

Rocio Jorge
Patricia Radio
Fatima Parada

OPINIÓN

Son unha cidadá da parroquia de Ceta, e quisera dar unha opinión neste periódico acerca dos países pobres como o e. Etiopia. Etc

Minha opinión é que en vez de estar mandando alimento cada dúas por tres non vai arreglarse nada, pero en cambio se os políticos construíran unha fábrica na que poidesen traballar e exportar materiais (que saíran da suposta fábrica) a outros países así sería a única maneira de sacar beneficios e diñeiro para mercar comida, roupa etc, Pero non para mercar armas.



CDZA

Saíu unha nova norma para os cazadores: prohibíron matar animais que o consideran unha injustiza por natureza.

MBN CON MBN

Debido... o día prete os de Ceta decidiron facer unha festa para que a paz reine neste povo.

FÚTBOL

Hoxe enfrontáronse os equipos pertencentes a Ceta; Cabo de arriba - Cabo de abaixo.

O resultado foi a favor dos locais quedando 3-0. Pero para celebrar a súa amizade non a súa coraixaron a facer unha festa entre eles.

ECONOMIA

O Alcalde de Bueu mercou mil acres de terra para plantar hortalizas para a alimentación dos países pobres e alimentos.



Cuento

"Miguel"



Era un neno moi raro

chamado Miguel que a todo decía:

¡A min que! ¡Non me importa!

¡A vida é corta!

Sua nai sempre o ília a despertar:

¡Hola, meu rei, meu Miguel -
liño, meu gran Miguel!

- ¡E a min que!

- ¡Non me importa!

- ¡A vida é corta!

- ¡Que queres almorzar?

- Eme igual.

- Sentacheste o revés...

- Escóita, estas usando o

mel de fixador...

- ¡E a min que!

- ¡Non me importa!

- Non, rei, si é tonto ou é listo. (dixo sua nai e deixouno saio).

A media noite, un león feroz e fumento entrou no seu aposento

- Neno insopartable. ¡Importaríache que te comera!

- ¡Non, non me importa!

- ¡Miguelillo, mira o meu colmillo, que podo comerme ca fame e marta.

- ¡Pois, importadume un pito!

- Eres lo loco.

- Non estou asustado.

- Non temas, mais que falar.



Vaite comer xa.

- ¡ ue mais me da!



Os pais, o chegar a casa non atoparon nin a Miguel nin o seu pixama, pois o león mari-bundo na cama.

- ¿ Onde estas Miguel?

- ¡ Saí do teu escandite! Este castigo non hai quen do quite!

(Contestou Miguel desde a barriga do león).

- Non me importa, zinto ce.

- ¡ Oikos cariño, Miguel esta dentro!

Levaron o león ó hospital e o medico sacudiuo cal alfombra cal xarape e entre arcadas e un ruído :

¡ Saíu Miguel despedido!

¡ Querido fillo! ¿ Como estas?

- ¡ Ben, miña nai!




- ¡ Importache algo, Miguel?

- ¡ Claroooo, que me importa

¡ TODO É IMPORTANTE!

CURSO 5^o B

No Ano Xacobeo, fai con nos unhas



As pezas telas nas follas seguintes, isto é o que tes que ir facendo:

1^o Base do Peregrín. A peza (1) faise en cartulina e recíbese con outra igual de papel de prata.

2^o O vestida. Faise con papel prateado vermello.

3^o Δ cabeza. Faise dúas pezas: unha en cartulina branca, e outra con ollos, en papel prateado azul.


4^o A capa. Co papel de cor vermella.

5^o Obicula ou bastón. De cartulina de cor marrón, imitando a madeira.

6^o A cabaza. Cartulina, recuberta con papel dourado.

7^o O braco. De cor azul.

8^o Os pés. Papel dourado.



O DÍA DA PAZ

O día 30 do pasado mes de Xaneiro celebrouse en todo o mundo, e tamén no noso colexio, o día da paz. O celebrar esta xornada lembrámonos de que as guerras seguen, e moitas persoñas aínda pasan fame e frío como en Etiopía, Somalia, India e moitísimos outros países.



Tamén recordamos nesta data as persoas que son agredidas por ter a cor da pel distinta, por ser estranxeiros, homo-sexuais, mulleres, minusvalías físicas ou psíquicas, etc...

A violencia e a falta de tolerancia, pode vir pola educación dos nosos pais, nas casas, as veces, hay discursións e malas palabras; pola actitude autoritaria dos nosos mestres, os malos exemplos de algúns irmáns maiores, tanta violencia na televisión...

ESTE É
MEU
SÍMBOLO



paZ
nada
de guerra

A todo mundo lle gustaría que se acabaran as guerras, a fame, que non houbera drogas, que nada nos perxudicara.

Houbo persoas que traballaron o longo da historia por un mundo máis solidario e máis xusto; un deles foi Gandhi asesinado o 30 de Xaneiro de 1948.



Por iso se escolleu esta data para celebrar o día da paz.

Adivinanzas

Dos compañeras
van al compás,
con los pies delante
y los ojos detrás.


Una mujer va llamando
a toda la gente a misa
¿que es?

dos niñas

Romina Bena B.

3.E.G.B.

Antonio Ruiz Freire



*Estos dibujos parecen iguales pero si te fijas, encontraras 8 diferencias.

Te animo a que las descubras.



- Irene Santomé Villanueva

4.E.G.B.

Semana Europeo

A solidariedade no día da PAZ sorprendía a moita xente

Venres, 29 de Xaneiro de 1993

- Os Cascos Azuis xa non prestarán máis servicios.

Hoxe á mañá houbo un "miting" e díxose que a xente non faría máis guerras, por iso se terán que separar.

- O equipo de balonmán feminino de Lela sorprendeu o sábado pasado.

O sábado pasado, o equipo xa citado

fai xogar a Balaidos (Vigo) e o seu resultado foi 3-18 favorable para o equipo visitante.

- Caida dunha árbore en Rivadumia.

Neste serán houbo unha tormenta que produciu unha descarga, esta troncou unha árbore que foi caer encima dunha casa. Os veciños axudaron ó home a sacalo arbore. Cando acabaron, o home invitounos a comer.



Aurora Juncal
No Paz Santos
18.

" En Santiago de Compostela encóntrase a tumba de Santiago o Maior. "

" este era un dos doce apóstolos de Xesucristo. Polos Evanxeos sabemos "

" estes datos: "

" a) A SUA FAMILIA. "

" Era fillo de Zebedeo e de Salomé. Segundo a tradición parece "

" que naceu nun lugar próximo a Nazaret chamado Yaffa. Era pescador "

" co seu pai e o seu irmán Xoán no lago de Tiberíades. "

" b) UNHA CHAMADA E UNHA RESPOSTA. "

" Por aqueles días apareceu Xesús, o de Nazaret. Predicaba o "

" "Reino de Deus" e preséntase como o Mesías esperado e chama al- "

" gúns para iren con El. Así llo propuxo ós irmáns Santiago e Xoán. "

" Eles, deixando o seu pai na barca cos xornaleiros, foronse con El. "

" Acompañaron a Xesús durante os tres anos da súa vida pública; "

" algúns feitos mostran que Santiago era do grupo dos tres máis íntimos. "

" c) COMO ERA O SEU CARÁCTER "

" S. Lucas conta que indo cara a Xerusalén ó pasar por unha aldea "

" de Samaría, non lle quixeron dar albergue e Santiago co seu irmán "

" querían "que viñese lume do ceo e os consumise". "

" Noutra ocasión pedíronlle a Xesús se-los primeiros, por encima "

" de Pedro. Isto parece mostrar neles un temperamento e un carácter "

" forte e decidido. Por iso Xesús lles puxo o nome de "Boanerges", "

" que significa "fillos do trono". "

" d) ENCONTRO COAS RAÍCES DA FE. "

" Por iso o encontro coa Tumba de Santiago (que está baixo o "

" altar maior nunha urna de prata) e coa súa "memoria" é achegarse "

" a quen foi testemuño dos feitos salvadores do Señor. É aproximarse "

" ás mesmas raíces da fe. "

" O 31-XII-1992 o Arcebispo de Santiago de Compostela nun acto "

" litúrxico, fixo a apertura da Porta Santa da Catedral. Con este acto "

" relixioso quedou aberto o ANO SANTO COMPOSTELANO 1993. "

" DESDE comenzos do século IX, data en que se reencontrou, esque- "

" cida, a tumba do Apóstolo Santiago, a peregrinación foi adquirida "

" universalidade progresivamente. Desde entón, e cada vez máis, foron "

" chegando peregrinos a Santiago, de case tódalas nacións entón coñe- "

" cidas e de tódolos estamentos sociais: pobo sinxelo, santos e reis. "

" A peregrinación a Santiago diferénciase da outros santuarios; a súa "

" orixinalidade está en ser a un sepulcro apostólico que di relación "

" ás raíces da fe. Froito desta, peregrinación é a inmensa rede de camiños "

" de toda Europa que, aínda hoxe, conducen a Santiago de Compostela (mi- "

" rar el mapa de la página siguiente). "

" Para ser peregrino requírese face-la peregrinación con motivación "

" relixioso-cristiá en maior ou menos medida, que adoita ir unida tam- "

" én a unha procura cultural. Cando, ademais desta motivación se fai "

" o camiño a pé (que é a peregrinación por excelencia), en bicicleta "

" ou a cabalo, a catedral de Santiago de Compostela concede ó peregrino, "

" desde antigo, un documento oficial que se chama Compostela. En 1991 "

" fixeron esta peregrinación 7.724 peregrinos de 34 países. "

" Na páxina seguinte hai un mapa dos camiños de peregrinación de Europa. "

BIOGRAFÍA

Eduardo Blanco Amor naceu en Ourense en 1897. Despois emigrou a Arxentina, dende pasou gran parte da súa vida. Alí desenvolve actividades culturais de carácter galeguista, dirixindo revistas literarias da comunidade Galega de Buenos Aires, como corresponsal da prensa de aquel país. Viaxa a España de 1929 a 1931 e de 1933 a 1935.

Entra en contacto cos poetas españoles da xeneración do 27. O volver á Arxentina, defende na prensa a causa republicana durante a Guerra Civil Española.

Blanco Amor, que antes de 36 fora fundamentalmente poeta, as primeiras novelas escribeas en castelán.

En 1959, a publicación en Buenos Aires de "A Esmerga" supón un dos acontecementos máis importantes da letura galega do século.

En 1962 publica a colección de contos OS BIOSBARDOS en Galicia e en 1972 a segunda novela XENTE O LONXE. Tamén publicou dous volumes de pezas de teatro: "Farsas para títeres" (1973) e Teatro para a xente (1975).

Establecido definitivamente en Galicia, morreu o día 2 de Nadal de 1979.

Aínda que tamén cultivou, como queda dito, a poesía (Romance Galegos) 1928, "poema de catro tempos".

A Esmerga (1959) iniciase cunha "Documentación" onde o autor explica empregando a primeira persoa, como chegou a tela información, de que se relata a continuación. O relato propiamente dito ven constituído polos cinco capítulos que seguen, que son unha transcripción das declaracións feitas por Cibrán e Castizo, a un representante da xusticia.

Durante as 24 horas de esmerga, os tres protagonistas móvense no eido literario de Ourense - cunha acción moi variada na que misturan breves historias secundarias con múltiples personaxes.

narrativas

- La Catedral y El Niño.
- Los Miedos, finalistas de premio nadal en, 1963
- Os Biesvados, 1962
- : Xente ó lonxe, 1972
- A esmerga, 1959

Poesía

- Romances Galegos, 1928
- Peena de catro tempos, 1931
- Cancioneiro, 1956
- Teatro
- Farsas para títeres, 1973
- Teatro para a xente, 1975

José Manuel Blanco Gestido.

ESCRITOR a QUE SE

ADICA ESTE ANO

a DÍA DAS LETRAS

GALEGAS

○ DIA DAS LETRAS GALEGAS

A Academia Galega naceu na Habana por iniciativa de Xosé Fontenla Leal, un obreiro litográfico nado en Ferrol, que emigrara cos pais a Cuba, cando tiña só catro anos.

Fontenla Leal formouse intelectualmente na lectura dos mellores libros que importaba de Galicia. A súa biblioteca galega chegou a ser a máis importante na Cuba daquela época.

Así tan lonxe da terra que deixara de nenó, Fontenla comprendeu os problemas de Galicia e sentiu a necesidade de traballar por resolvelos.

Cumpria afirmar, tamén na emigración, as razóns máis sólidas da nosa cultura, e dun xeito especial o noso idioma.

Fontenla foi o que conseguiu que o poeta Eduardo Pondal e o músico Pascual Veiga compuxeran o Himno Galego que se deu a coñecer no Centro Galego da Habana o 20 de Nadal do ano 1907.

Foi el quen convenceu a Curros Enríquez para crear unha Academia que dese pulo e prestixio a nosa lingua.

O 25 de Agosto de 1906 o Rei Alfonso XIII aprobaba os estatutos e concedía á Academia o título de Real.

Foi no ano 1963 cando se instituíu o Día das Letras Galegas a proposta do académico Francisco Fernández del Riego. Este encontrou na súa pesquisa un libro e unha data con fonda significación no eido literario galego. O libro era «Cantares Galegos» de Rosalía de Castro. Non se coñecía o día en que saíra o libro, pero a autora puxera na adicatoria a Fermán Caballero a do 17 de Maio e por iso puxose esa data para celebralo, en homenaxe a un escritor xa galego, pola súa obra en galego.

EDUARDO BLANCO AMOR

Eduardo Blanco Amor nacéu en Ourense o 8 de setembro de 1897. Emigrou á Arxentina, e neste país e noutros de América hispana viviu longos anos.

Publicou tres libros en verso e tres en prosa.

Blanco Amor era fundamentalmente poeta. Os seus versos están na liña do Modernismo con algunha nota Neorrománica ou Vangardista.



Eduardo Blanco Amor.

O esforzo literario máis sostido realizado en verso por Blanco Amor áchase representado polo seu "Poema en catro tempos". Verdade é xa que en 1933 encetara en Nos a publicación dunha novela que ficou interrompida. Chamábase: "A Escadeira de Xacob".

Blanco Amor vainos contar historias ambientadas no Ourense dos seus anos de nenez ou adolescencia, e cñios personaxes pertencen maiormente as capas populares da sociedade.

A intención de empregar o galego falado polo pobo se é que verdadeiramente estivo na mente do autor, fica tan lonxe da plenitude de realización cando está lonxe toda lingua escrita de toda lingua falada.

Blanco Amor mergúllanos nos suburbios ourensáns. Por moi novo que isto sexa ten os seus precedentes na interesante e caseque esquecida prosa galega que na cidade das Burgas se escribía a fins do século XIX: Lama s Carvajal, Heráclio Pérez Placer, Francisco Alvarez Novoa, ou mesmo Otero Pedrayo.

A segunda novela foi escrita segundo o autor para optar o premio "Misteriosamente administrado por uns cabaleiros que fixeron desta operación literaria unha sorte de discriminación moral".

Blanco Amor coma Castelao está pouco predisposto a atopar valores morais no señorío. Creemos que Blanco Amor ve o Mundo que reflexa nas súas narracións como literato.

Baixo o título dos "Biosbardos" reuniu Blanco Amor sete "Contos pra Xente"

Un destes contos é tan fantástico como o podía facer Cunqueiro.


(Blanco Amor morreu en Vigo o 1 de Nadal de 1979)



APARELLOS DE PESCA E DE LINHAS - II -

OLEGARIO MARTINEZ PATIÑO
E VICENTE RIOS

A BACA: é un aparello que leva como se fora un cope pero máis longo que leva dúas portas de ferro que vai suxeito á malleta.




OS RISCOS OU RAEIRAS: é un aparello que ten unha malla grande que está feita de fie que serve para coller centolas.

MIÑOS DE SEDA: é un aparello que está feito de tanza fina, que colle linguados, etc.

O RASTRO DO LONGUEIRON: está feito de ferro, que leva un cope, que ten dentes moi afiados

O GANAPAN: está feito cun aro de ferro e cun mango de madeira. O redor do aro leva unha rede que ten un plomo. Serve para coller camaróns.



O Ganapan



O bicheiro

O BICHEIRO: Ten un gancho de ferro cun mango tamén de ferro. Serve para coller polbos.

O PALANGRE: é unha corda que ten moitas picas amarradas a unha corda. Están iscadas con sardiñas, boga, etc... Serve para coller congrios.





Palangre



Potera

A POTERA: e un plomo que leva picas ou anzuelos que van xunto ó plomo camuflado. Pra pescar hai que coller e levantar do fondo unha basa (1 m.)

A FRANCAÇA: Son unhas dentes de ferro que van soldados a'outro. Ten unha barra que a suxeita. Con ela collense lènguados, chocos, rodaballos...



Alquitran
Cristal

O ESPELLO: Está feito de madeira cun cristal que arredor bótanlle alquitran ou outras cousas; para traballar con el hai que ter moito cuidado. Mírase o espello desde a dorna.

A LAÑEIRA: Serve para coller peixe polo seco (nas pozas). A lañeira e unha bimbria que leva unha pica que vai amarrada a ela e métese debaixo das pedras (Nas lañas)



A GATEÑA OU RASPA: serve para coller percebes, mexilóns, e miñocas para pescar. Está feito cunha raspa e un mango.

A LIÑA DA FANECA: A liña está atada a un plomo con dúas picas na tanza. Colle fanecas e outros peixes.

A LIÑA DA MARAGOTA: é igual ca da faneca pero a tanza e as picas son moi grandes.

Colle maragotas, pintos, etc...




Ata o ano que ven que seguiremos facendo máis fascículos.

¡¡ATA A PROXIMA!!

O SIGNIFICADO DOS NOMES

No número 5 do Faladoiro tiñades unha lista de nomes co seu significado na súa lingua de orixe, aquí tedes outros poucos. ¿A ver se atopades o voso?


Lucas	Latín: luminoso
Manuel	hebreo: deus está con nosco
Lourenzo	Latín: Loureiro.
Ricardo	Xermano: forte e poderoso
Xurso	Grego: que traballa a terra.
Xabier	Vasco: casa nova
Cibrao	Grego: orixinario de Chipre.
Coame	Grego: ben disposto
Boris	Ruso: combatente
Celso	Latín: alto, excelso
Elias	Hebreo: referencia a divindade.
Francisco	Xermano: francés
Anaís	Francés: Variante de Ana moi popular en Francia.
Elisabet	Hebreo: Promesa de Deus
Iria	Prorrrom: Pedra.
Marta	Araméo: Señora.
Natividade	Latín: cristián
Mafalda	Xermano: A que combate con forza.
Paz	Latín: Paz
Penélope	Grego: nome mitolóxico
Rosana	Rosa + Ana; Latín: rosa + Hebreo: Concesión de Deus
Saleta	Francés: con santuarios por toda Galicia.
Adela	Xermano: nobre
Amalia	Grego: terra, débil
Olga	Ruso: alta, divina, invulnerable.
Nzemi	Hebreo: a miña ledicia
Nuvia	Vasco: ligazón entre os outeiros



Loureiro



Xabier



PAPEL


RECICLADO

É algo que favorece os nosos negocios.

Cóllense os papeis vellos e usados e dépositanse nunhas caixas que temos no colexio. Logo ven o camiión a recolltelos e lévalos as fábricas recicladoras. Alí encárganse de transformalos en papeis novos, aínda que non tan brancos como os outros.

Cando están reciclados saen outra vez á venda, aínda que son, por agora, un pouco máis caros.

Nós, os alumnos, facemos os traballos nas libretas. A metade das follas gastámolas en tonterías: facemos avións, borranchós... Somos dos que máis gastamos porque o acabarmos unha libreta, veña a comprar outra. E por cada 700 Kg de papel temos que cortar unha árbore, se non é reciclado.



Non estragues o papel

!! A vida dunha árbore depende de ti !!

USA PAPEL

RECICLADO

NOELIA PIÑEIRO 6ºB

RELACION DE TRABALLOS QUE ACADARON PREMIO NO CONCURSO

DE DEBUXO E REDACCION CONVOCADO POLA ASOCIACION CULTURAL

DANZADEIRA DE CELA/

PREMIOS DE DEBUXO


LORENA BARBOSA GONZALEZ /..... PREESCOLAR 5 ANOS
RAQUEL GARCIA PASTORIZA 1º DE PRIMARIA- 6 anos
VANESA COYA RIOBO 2º DE PRIMARIA -7 anos

PREMIOS DE REDACCION





"Cando era pequeno..." de ADRIAN CARBALLO RODAS 3º CURSO
"Cousas de Cela" de DELIA VAZQUEZ ESTEVEZ 4º CURSO
" A nosa parroquia" de ALEJANDRO COBAS PIÑEIRO 5º CURSO
" Cela" de CELSA GONZALEZ OGANDO . 6º CURSO
"Cela " de ANDREA FERNANDEZ RESILLE 7º CURSO
"Ven a coñecer o Igresario" de NATI PARADA RODAS _8º CURSO

RELACION DOS TRABALLOS PREMIADOS NO PLAN DE FOMENTO DA LECTURA




"O parruliño e o raposo" de M^a Carmen Gómez Jorge de 1º
"O mono Saltarín da illa Noagara" de José Antonio Souto Cerviño
de 4º curso.
"Meu soño" de Fátima Cruz Souto de 6º curso.






LORENA BARBOSA
PRÉESCOLAR



Barro



RAGUEL GARCIA
12



VANESA COYA


2º

CANDO ERA PEQUENO

Cando era pequeno, meu avó contoume unha historia. En Ceta un día houbo unha guerra e o Estado déralles pistolas e escopetas ós homes.

A meu tío, que é vello, disparároulle nunha perna e ti-vo que ir o hõspital, e estivo moi mal.

Cando saiu do hospital tivo que andar con muletas e



ainda hoxe anda con eles. Ten unha perna máis grande ca outra. O seu nome é Padín.

Sempre que vou á súa casa cóntame a mesma historia. A min gústame moito, e espero que vos guste moito esta histo-ria a vos.

Adrián Carballo Rodas 3º curso

© DIA DAS LETRAS
CALEGRAS

COUSAS DE CELA

En Cela temos unha igrexa de arte románica feita no século XII. Nela celébranse as festas máis importantes: A festa de Corpus, A Patrona, San Roque, pero a principal é a da Xuventude de Cela.

Na festa da Xuventude, pola tarde, repártese viño ós asistentes, o viño "tinta femia" cosechado na parroquia. O viño "tinta femia" está considerado o mellor do Morrazo.

Os Muíños de Cela son moi antigos. Neles móíase o millo. Aínda hai poucos anos móíase neles.

Na antigüidade, contábame a miña avoa, que sementaban o liño e despois cando estaba maduro cortábase e poñíase a secar, batíase cuns maícos nunha pedra do Cistro e poñíase a cozer nuns grandes potes de ferro. Collíanse as meadas do liño para espadelar, logo collíanse as meadas para fiar.

Xuntábase a xente na casa de Rios, alí divertíase a mocidade.

De liño facíanse a roupa, sabas, camisas, etc.....



DELIA VAZQUEZ ESTEVEZ



4º curso

CANDO ERA PEQUENO

Cando era pequeno, meu avó contoume unha historia. En Ceta un día houbo unha guerra e o Estado déralles pistolas e escopetas ós homes.

A meu tío, que é vello, disparáronlle nunha perna e ti-vo que ir o hõspital, e estivo moi mal.

Cando saiu do hospital tivo que andar con muletas e



aínda hoxe anda con eles. Ten unha perna máis grande ca outra. O seu nome é Padín.

Sempre que vou á súa casa cóntame a mesma historia. A min gústame moito, e espero que vos guste moito esta histo-ria a vos.

Adrián Carballo Rodas 3º curso

© DIA DAS LETRAS
GALEGAS

A NOSA PARROQUIA

Cela pertence ó Concello de Bueu e está situada entre as parroquias de Bueu e Ardán. Por ela pasa a estrada comarcal 550 de Cangas a Pontevedra.

Na miña parroquia hai unhas zonas montañosas como Chans, Sistro e Ermelo. Tamén hai unha zona baixa formada polas praias de Lapamán, Muiño Vello, A Coviña, Portomaior e Agrelo. A Parroquia está atravesada pola río Miranda no que antes había moitas troitas e moitos muiños.

A igrexa está situada no alto, é de pedra, non é moi grande pero din que é moi antiga, pois ten uns nove séculos.

Nunha zona de Cela que se chama O Torrón hai unha pequena capilla na que se celebra a festa de Virxe do Portal. Tamén en Ermelo hai outra capilla pequena na que se celebra unha romería o 25 de Xullo: a Romería de Santiago de Ermelo. Nese mesmo sitio hai, unha enorme cruz de pedra dende onde pode mirarse algo de Vigo, as illas Cíes e case todo Bueu. Esta cruz serve para dividir Cela de Moaña.

En Cela gústanos moito as festas e ademais das que dixen antes, tamén celebramos a de Corpus, con preciosas alfombras que facemos con flores; a festa dos Mozos e a do Carme celebrámolas no verán con foguetes, procesión e verbenas. Dende hai poucos anos celébrase a festa do Churrasco no lugar de Resille.

Polo medio da miña parroquia atopámonos con moitos hórreos, muiños e algúns cruceiros. Se vamos a Chans vemos un lago, o de San Lourenzo. No monte do Sistro hai un campo de deportes pequeno.

A industria é pouca, só unha panadería, un aserradeiro de madeiras, unha farmacia, un hotel de dúas estrelas na praia de Agrelo e algúns bares e tendas pequenas. Por iso a maioría dos homes adicanse á pesca e as mulleres traballan na casa e nas fincas; unhas poucas na fábrica de conservas que hai en Bueu. Os nenos case todos estudias no colexio de E.X.B. que temos, despois van ó instituto ou a formación profesional a Bueu.

A min gustaríame que a miña parroquia tivera unha pista de deportes máis grande, unha biblioteca pública e un posto de vixilancia forestal, pero coido que polo de agora vai ser imposible.

ALEJANDRO COBAS 52



ERMELLO

CELA

POR CELSA GONZALEZ OGANPO 6^o

Gústame moito a cor de Cela. E se me deran a elexir entre Cela e Bueu, escollería Cela, porque en Bueu non hai moita paisaxe verde. Cela non ten falta de paisaxe verde.

As casas de Cela son máis ben baixas, no verán ven moita xente. En agosto celébranse as festas patronais e en xuño celébranse a festa do Corpus.

Dende un monte alto mírase Cela moi fermosa, si se mira atardecer dende unha praia no verán, quedas un pouco impresionado, porque o ceo está laranxa; parece coma se fose unha fogueira que arde forte no ceo.

Os días que chove, son días nos que Cela está un pouco fea.

Os traballos de Cela fanse máis ou menos no mesmo tempo:

En Janeiro pódanse as viñas.

En Febreiro átanse as viñas

En Marzo seméntanse as patacas

En Maio lábrase

En Xuño cóllense as patacas

En Setembro é a vendima

En Outubro cóllese o millo.



CELA


Pertencente a Vila de Bueu e nun marco incomparable entre o Monte de Chans e a praia de Portomaior atópase a parroquia de Cela.


En Cela, temos moitas cousas polas que sentiremos orgullosos, sobre todo a súa igrexa románica do século XII, á que acuden moitas excursións e visitantes de toda las partes, a admirar todos os grabados das súas pedras e o reloxo de sol.

A xente de Cela é moi sociable e traballadora, moi rara a casa que non traballe unha pequena finca, e sobre todo as viñas, mas que se cosecha o finísimo viño "Tinta Femia".

Por debaixo do monte do Sistro temos a famosa praia de Portomaior. A súa extraordinaria beleza natural levouna a conseguir da Comunidade Económica Europea a denominación da bandeira azul. As súas augas limpas e cristalinas, mas que se pode ver infinidads de peixes, súas algas, seus penedos e sobre todo os súas dunas naturais, que a fan ser unha maravilla.

Tamén temos a capela de Ermelo, que se adica a devoción a Santiago Apóstolo. Foi bastantes anos Cela pertencía a Ermelo, hoxe en día é o contrario, Ermelo pertence a Cela.


FURANCHO



O TÍPICO FURANCHO



En Cela contamos con só pazo que é o do Placer, chamado por todos A Casa Grande, consta dunha capeliña, unha casa e un terreo enorme. Nesta capela unha vez o ano faise unha misa adicada a Virxen do Portal. As festas que se celebran en Cela non son moitas, as máis importantes son as de:

Corpus, A virxen do Portal, A Patrona, San Roque, O Carmen e a famosa festa dos Nozos. Esta última quizais sexa a máis importante, lévase facendo desde hai moitos anos, organizama os Nozos de Cela, reparten viño, hai concursos, etc...

Cela é unha parroquia pequena, na que só hai un colexio, tamén só hai un cementerio que agora esta sendo ampliado, xa que non chegaba pra cubrir as necesidades das veciñas.

Na parroquia de Cela é moi abundante a auga potable, en calquera sitio onde se profundice un pouco xa se atopa. Tamén conta con varios regatos, nos que se atopan varias muiños hoxe en día abandonados e en ruínas. Tamén por estes regatos hai moitas mazamceiras e noqueiras, todos eles con dono, pero hai moita xente de fóra de Cela que ultimamente se adica a vir a roubar os seus froites. Bueno os galegos todos eles teñen moita "morrina" cando saen da terra, pero a xente de Cela quizais máis que ningunha e moi rara a xente que emigrou que non volveu a súa querida Cela.


FIN.
uuu

Andrea Fermández Resille. 7ºA

VEN A CONECER O IGRESARIO

¡Ven!, ¡Amigo, ven!, recorreremos a estrada que nos levará ó noso destino. O primeiro que che chamará a atención será a peligrosidade das súas curvas tan pechadas. Meteremosnos así na chamada curva do "Agouso" onde os alongados eucaliptus taparán a luz que poidéramos recibir. Veremos baixar pola esquerda, coa súa vitalidade o chamado río do "Agouso" que se meterá por debaixo da estrada e seguirá o seu camiño entre os campos.

Pasaremos tamén polo monte da "Miranda" que tantas veces recorrimos cando o Igresario era practicamente intransitable.



Chegarémos así ó cementerio, que por certo está en obras, estano agrandando.

E, como é de supoñer, seguindo a costa atoparémolos coa famosa IGREXA DO SECULO XII, estilo románico, e si, querido amigo, eres amante do bon arte, alí atoparaste a gusto. En frente dela está o adro cun enorme palco reconstruído pola "Xu-

ventude do 85"

Todo elo rodeado dun ambiente místico moi tranquilo e silencioso. Este silencio somente é roto coas campanadas do reloxo da igrexa e tamén os días de misa onde a xente se reúne.

¡Amigo meu!, se queres degustar un dos millores viños que se poidan baixar pola gorxa, pide un "TINTA FEMIA" que é o viño que se elabora aquí co suor desta xente.

Para elo, achegarémonos á taberna dos de "ENTENZA" onde se reúnen pola tarde-noite os homes para falar dos seus contos.

Pero non soio aquí dan "tinta femia", Se seguimos a estrada arriba pode ser que nos atopemos un home cunha panza prominente e moi rídeica, que sin coñecerte invítate a pasar a

súa adega. Este home é coma un carballo, por eso chámalle "Carballo".

!Querido amigo!.¿Paráchete a ver as fermosas paisaxes que se che ofrecen por aquí?. Si ergues a túa vista, contemplarás as calvas da pelaxe do "Monte de Chans", que antigamente era espesa, pero que non deixa de ser moi fermoso.

Si te pos en senso contrario verás ó lonxe a fermosura da "RIA DE PONTEVEDRA", onde as postas do sol son unha maravilla.




E da fala desta xente, ique decirche que ti non viras!: galego con seseo que ata sona cariñoso fronte á brusquedade da "jeada" que é unha forma cómoda de pronunciar a "g".

E que decirche da xente: pois, como é unha aldea, vivimos do campo; todos saben o de todos, todos nos coñecemos, derivando disto as críticas e as enxexas; pero, deixémonos diso, que non ven aquí a conto.

!Pois ben, amigo!, ata aquí chegou a nosa viaxe, e como dí a panfletada:

"CELA, VEN A ELA"

NATI PARADA RODAS 89



O PARRULIÑO E O RAPOSO

Érase unha vez un parruliño que estaba nadando nun lago moi fermoso.

Chegou por alí un raposo que quería comer ó parrulo pero tiñalle medo á auga e non podía meterse no lago para comer ó parrulo.

Enton o raposo escondeuse detras dunha árbore a esperar que o parrulo saíra da auga.

Despois chegou un cazador e asustou ó raposo.

O raposo marchou correndo e non volveu nunca máis por alí.


O cazador levou ó parruliño xunto á súa nai a parrula.

Ó final a mamá parrula e mais o parruliño déronlle as grazias ó cazador e o parruliño e a mamá parrula foron felices para sempre.

M^a Carmen Gómez Jorge
1º



A Primavera



O mono Saltarín da illa Losagora

O mono Saltarín é un mono moi travieso que sempre se mete cos animais maiores.

E un día o pai pescouno e pegoulle unha tunda e meteuno na cama.

A Saltarín doíalle moito a barriga e gomitou a comida que tiña no estómago.

E logo a nai entrou na habitación e viuille o gómito no chan e entón chamou polo pai e díxolle:

-Traeme o termómetro que o noso fillo ten a fronte moi quente.

-Ten cuarenta grados de fiebre-dixo o pai.

-Chama o médico-dixo a nai.

O pouco tempo chega o médico e dille o médico os pais:

-Ten a Grompotoxis. A Grompotoxis é unha enfermidade moi potente, pode matar a calquera animal ou persoa, é tan potente que fai falta un xarabe que non se vende, e hai que facelo eiqui, senón morrerá o voso fillo.

Vai dicir o pai:

-¿Qué ingredientes se necesitan para facelo xarabe?

Responde o médico:

-Pois necesitanse cinco follas de eucalipto, dúas plumas de paspallás, vinte pelos de peqa ou pombo, cinco follas de cravelas, unha rosa, unha laranxa borracha e figos amarelos que se encontran o sur da illa.

O pai trúxolle as cousas e fixeron o xarabe.

O cabo de uns días o fillo cúrase e xa empeza a xogar cos amigos e a subi-las palmeiras para colle-los cocos e xogar as

guerras.

O mono Saltarín xa non se mete cos animais maiores.

O pai do mono Saltarín doulle un xoguete moi bonito que era un médico en un hospital curando a un paciente que tiña a mesma enfermidade que tuvo él.

O mono Saltarín díxolle o pai:

-Papá, é un xoguete precioso e divertido a vez.

O pai díxolle:

-Si é precioso e bonito tesme que prometer non te meter máis coa xente maior, por exemplo co señor Manolo o rinoceronte, e con outros animais.

O fillo así o fixo e os animais fixeron unha casa moi bonita no medio da illa.

O cabo dun ano veu unha cabra, e díxolles os pais de todos os nenos e nenas que había na illa que ela era profesora, e que si os pais estaban dacordo en deixa-los fillos ir a escola.

Os pais puxéronse dacordo e mandaron a todos a escola.

A señora Cabra doulles clase a todos, aprendeulle os nenos e as nenas a facer contas, exercicios, contos, a debuxar e a facer cousas de barro ou calquera cousa máis.

Cando Saltarín fíxose maior foi a universidade. Na universidade era moi intelixente e traballador. Uns cuantos días foi a casa. Polo camiño atopou unha mona ferida e levouna para a casa.

Tiña unha perna rota, curoulla e fixéronse moi amigos, ata se enamoraron. Casáronse e tiveron moitos fillos.

4º B



Antonio Castro
Cervino

Meu Sono

Isto que vos vou contar non foi verdade, senon un sono; pero gustárame moito que fose verdade:

"Estaba eu na miña habitación cando entrou pola ventá unha luz. Desluz saleu un estraño persoaxe que era así:

A cabeza e o corpo de cor verde. Moi pequerecha a cabeza, con tres ollos e unha boca moi grande. Non ía vestido, só levaba unha cinta arredor que poñía o seguinte:

OS CAMPEONS

O principio asusteime, pero logo deime conta que era bo e xeneroso e díxome:

- Ven aquí, necesítote... Veennn.

E eu fun a xunta del, montoume nunha nave e levoume a un mundo maravilloso onde os habitantes eran coma el.

Aquel mundo era así:

As árbores daban caramelos en vez de froita. No río saltaban froitas no lugar de peixes. Algúns habitantes andan o revés e coas mans. Aquilo era moi bonito, ou polo menos a min gustábame.

O meu amigo Xartub levoume a un pazo e díxome que eu era a propietaria, que os ^{reis} eran meus pais.


Non daba creto o que me estaba a dicir, e empecei a facer preguntas. Meus pais dixéronme:

- Ti eres a nosa filla e levamoste a Terra cando só tiñas medio mes, porque había guerra.

Continuaron contando que agora eu tiña doce anos na Terra pero alí só tiña catro anos. Que eles tiñan agora douscentos anos e que non me austara que aínda era moi xoven.

-Filla fómoste buscar, porque ó acabar a guerra necesitamos que ti nos axudes a gobernar isto

¡ Foi maravilloso este sono, ... de verdade!



O MEU SONHO

Un día soñei que en firrada curso iamós de excursión nun autobús máxico.

Cando nos desplazabamos pola estrada, o autobús foise voando polo aire... así moito tempo ata que saímos da Terra.

O autobús seguí voando e aparcamos no planeta Marte. O principio os marcianos tiñánnos medo, pero pouco a pouco fixéronse amigos nosos.

Xogamos a moitos xogos e pasámolo moi ben con eles. Comiamos na casa dun marciano que era o máis amable e divertido. Despois de comer fomos xogar o fútbol. O porteiro tiña dúas cabezas e catro brazos; os xogadores do outro equipo tiñan só un pé.

Cando nos fomos os marcianos decíannos adeus coas mans. Chegamos á Terra, fomos o colexio e cando rematou a vaixe contámoslles ós nosos pais todo o que víramos.

Os nosos pais non nos crían, pero aínda así para min foi unha viaxe maravillosa

Margarita Iglesias 6ºA





UNHA VIAXE A MARTE

Era luns. Hoxe era o gran día. Eu, xunto cos outro cinco astronautas marchamos cara a Marte. As oito e media saíamos.

Saímos: o impacto fundiunos nos nosos asientos

Iamos cara a Marte.

Cada vez a Terra facíase máis pequena ata que só era unpuntiño no espacio. Levabamos unha velocidade de douscentos trinta mil quilómetros por segundo. Vimos pasar astros, cometas ... ata unha estrela fugaz. Case chocamos cun satélite, pasámoslle rozando.

Levamos un ano viaxando.

Uxía, unha astronauta, caeu enferma. Só foi unha gripe. Xesús, como estudiara medicina, curouna. Uxía agora está na cama recuperándose.

Hoxe é mercores.

Uxía xa está ben. Pero unha chuva de meteoritos fundeunos e rachou o motor dereito. Tivemos que parar para arranxalo. O noso robot ROKY arranxounolo en menos que canta un galo. Gracias a el poidemos saír de alí nunhas horas.

Venres.

Xa se empeza a ver Marte. Puxémonos a facer contas para calcular a distancia que hai e que día chegaremos.

Hoxe é luns.

Aterrizamos en Marte sen problemas. Iso de que non hai vida en Marte eche unha trola.

Hai uns monigotes verdes, pequerrechos e con dúas antenas. Saben falar o noso idioma. Son pacíficos e amigables. Pasamos en Marte cinco meses: vendo os seus costumes, o que comen ... ¡Ata lles sacamos fotos!

...

Hoxe chegou o día de marchar. Despedímonos. Eles regaláronnos comida e flores. Dixéronnos que se volvíamos, seríamos ben recibidos.

As oito fómonos. A nave despegou, fundímonos nos nosos asentos por segunda vez.

¡Regresabamos a casa!

Cada vez vese a Terra máis grande. As seis aterramos.



Pasaron dous anos dende que saíramos da Terra.

Os nosos parentes choraban de ledicia. Todo era felicidade.

Ceibámonos dos traxes e saltamos xubilosos.

E aquí acaba a historia, xa sabedes, se vades a Marte, serás ben recibido polos marcianos.

ELENA ARIAS



UN DÍA NA PRAIA

Eu estaba moi contenta. Era un día fabuloso, facía calor e os mosquitos estaban moi rabiosos. Na miña casa aburriame e a miña nai díxome que íamos ir a praia, a pasar o día. E así foi.

O primeiro que fixen o chegar foi darme un chapuzón e despois comer. O acabar de comer funme dar unha volta e ... ¡Meu Deus! a praia estaba contaminada. Había peixes mortos, gaivotas sufrindo e a auga parecía ter unha cor verde noxenta. Fun correndo xunta a miña nai a contarlle todo, e ela díxome: " Non chores, no mundo hai xente boa que as veces contamina algo por necesidade e xente mala que fai as cousas por 'jovi', sen pensar nos demáis".

Eu estaba triste, xa que pensei que nunca podería ir a praia, e tamén porque os pobres peixes xamáis volverían a vida e non habería peixes no mar.

Funme dar un chapuzón de novo mentras me tranquilizaba pero de pronto... choquei cun bidón de verquidos químicos. Eu ía abrilo pero miña nai veu xunta min a cen por hora, e non parou ata chegar o meu lado. De alí a un pouco chegaron os da limpeza e os guardas... colleran ó home que contaminou todo, eu saltaba de alegría.

Fixéronno limpar todo e a praia volveu estar chea de xente.

Paula Lorenzo 67



NOSAS PEGATINAS

LE
QUE
DAN
MUITAS
MAIS!

ASSI
NON

USA
PAPEL
RECICLADO

JESUS DOMINGO 7º

Non cortar árboles

ALUSTIN 2º

Asi has salvado muchos árboles al reciclarlos

Ya no hace falta cortar mas árboles (SALVADOR 5º)

RECICLA PAPEL E CAMBIARÁN DE CARA

NOELIA COVELO 6º

CELULOSA

RUBEN 5º

Se facemos isto...
¿por que non facemos isto?

NO NOS MATEDES
DEIXAR QUE
NIVAMOS MAIS
IGRACIAS!

PAPEL PARA
RECICLAR

CATALINA 5º

-¿Ti que fas para que non se che note o aliento?

-Palo sempre coa boca pechada.

-¿E di que casaría coa miña filla aunque fose pobre?

-Si, don Gaspar.

-Pois non lle dou a súa man. Non quero idiotas na familia.



Soa o teléfono:

-¡Oia! ¿Está Lola?

-Si, pero está na cama con cuarenta.

-Pois, pregúntalle se cabe un máis.

-Manolo, os teus bicos quéimanme.

-¡Muller!. Non me deixas quita-lo cigarro da boca.

-Xaimito, ¿que é un canibal?

-Non o sei- di o rapaz.

-Imos ver: se ti comes ós teus pais, ¿Que es?

-Orfo- señorita.



-Acúsaselle de conducir un coche a cento oitenta por hora.

-É que viñan perseguíndome.

-¿Quen?

-O dono do coche.

-¿Sabes porqué o cine de Lepe non ten teito?

-Para que a xente estea preto das estrelas.

-¡Profesora, profesora! ¿Pode castigarme por algo que non fixen?

-Non, claro que non.

-Entón, dírelle que non fixen os deberes.



Un home no oculista:

-Doctor, é que se me xuntan as letras .

-Pois péguelas todas dunha vez.



Unha parella de andaluces están sentados, e a moza dille:

"Corasón"

-As dez menos dez.

-¿Ti es soldado?

-Non, que va. Eu sonche dunha soa peza.

Dous ladróns fúganse do cárcere. Cando chegan á cidade deciden separarse para acocharse ben:

-¿E ti que vas facer?

-Rapaz, a min espérame a miña noiva. ¡Unha loiriña estupenda!

-¡É un erro! Cando chegues xa te estarán agardando a policía.

Hai que buscar un lugar insospeitado, un sitio que a ninguén se lle ocorrería ir.. ¡Eu volvo coa miña muller e maila miña sogra!



-Ti xa coñeces á miña adorable esposa.

-¡Ah! ¿Pero é que tes outra?

Na zapateria:

-¿Teñen zapatos crocodilo?


-Non, de crocodilo, non temos.

-Imos, crocodrile, que non teñen zapatos para ti.

REALIZADO POR:


Manuel Gallego Carballo

e José Miguel Campos (6)





Debo mercar o Faladoiro antes de que se agote



REALIZADO Por:
José Miguel Campos
Manuel Gallego

64

PASATEMPS

Joga na sopa de letras os nomes dos planetas do sistema solar.

M E R C U R I O T K N X N O
 H A S T J F I M S U R U Q P
 A T U V W X Y R E A A P B C
 T A D E N U S U W A T I O D
 E M T T O T A T Z M S T P V
 M U T D A M A S D N E L M
 E C I E R O A S T U R R V L
 V S L R L S J O U V A P T I
 B M O R A D M E P T U N O G
 K R M A O V I E A O P M V F
 D E S E A D D O R U R M O C L
 R O T U P A S J K V U R E S

Escrebas aqui por orden empezando mais cercanos o sol.

Xerográficos

1-



+ Nota musical

é como saiu da batalha?

2-



+ Nota musical

é qual é o seu estado civil?



3-



+ Consonante

é que comiches hoje?

Traduce



○	○	ψ	↑	X	←	▷	□	△	▽	△	▽	○	○	△	↷
A	B	C	E	F	I	L	M	N	O	P	R	S	T	U	Z

En abril augas mil.

A hacha tira pra racha.

A auga, canto mais bastante,
mais se enloda.

A boda, nin bautizado,
non vas sin ser chamado

A crego berro,
nunca lle falta un duro.

Alá me leve deus,
onde ache cos meus.

A cabra co vicio,
no cu da cos cornos.

A cada burrico,
seu molliño.

A casa da tua tía,
non vallas cada día.

A conciencia,
vai coa conveniencia.

A facenda do crego dalla deus,
e lévalla o demo.

A fame e o frío,
fan ir a casa do inimigo.

A hermesura, come a tera.

A man veciña,
de a agulla sen liña.

O día de san Martiño,
trompos e camiño.

A corda sempre creba
polo mais delgado.

A cortesía,
non quita a valentía.

Costureira sen dedal,
cose pouco e mal.

A pota de san Francisco,
tanto da pare catro como pare cinco.

Non hai peor tenda
que a que esta valeira.

O que tenda que a atenda,
ou que se non a atenda.

Ceo de la,
se non chove hoxe cheverá máis.

Cando as xaviotas visitan o labrador,
mal lle vai o pescador.

Quen nun libro sabe ler,
alí pode aprender.

O que moito corre, logo para.

A quen mal leva,
sete veces lle ferve a auga.

Caer para levantarse,
é de perdoarse.

Predícame frade,
por un oído me entra e por outro me sale

Santa Rita, Santa Rita,
o que se da non se quita.

Mais vale páxaro en man,
ca cen voando.

De tal niño, tal paxariño.

De tal pau, tal estilla.

En casa de Gonzalo,
máis pode a galiña co galo.

Can ladrador,
pouco mordedor.

Máis caga un boi,
ca cen andúriñas.

Onde non hai can,
o raposo e o capitán.

REFRÁNS

REALIZADO POR:

Manuel Gallego Carballo e José Miguel Campos

6A

DEPORTE ESCOLAR

Dentro da presente campaña do Deporte Escolar, e xa practicamente rematadas as competicións, pois soio faltan as probas de atletismo da categoría cadete e a participación nas finais provinciais de seis atletas que se clasificaron do noso colexio, os resultados foron os seguintes:

CAMPO A TRAVES: Participamos con ~~seis~~ seis equipos, un de cada categoría: Alevín fem. Alevín masc. Infantil fem. Infantil masc. Cadete fem. e Cadete masc. Benxamín fem. e Benxamín masc. Os resultados foron;

Cadete fem: 4º Cadete masc.: 3º Infantil fem.: 5º Infantil masc.: 4º
Alevín Fem.: 6º Alevín masc.: 5º Benxamín fem.: 5º Benxamín masc.: 6º

A nivel individual clasificouse para as finais provinciais a atleta Estefanía Padín García.

FUTBOL SALA: Xogaron tres equipos do colexio. Os infantis do equipo A quedaron clasificados de 3º e os do B de 2º. Os alevíns quedaron en 5º lugar.

XADREZ: Os equipos Infantil Masculino e Femenino, así como o alevín femenino quedaron campeóns da zona do Morrazo e competiron nas finais provinciais contra os colexios de Vigo. O equipo alevín masculino quedou segundo na zona do Morrazo.


No II TORNEO DE XADREZ CELA que se celebrou no colexio esta foi a clasificación final:

Categoría menores de 9 anos:

- 1º Xosé Carballo Rosales de 4º curso
- 2º Pablo Cerviño Valero de 4º curso
- 3º Agustín Fernández Resille de 2º curso

Categoría maiores:

- 1º Martín López García de 8º curso
- 2º José Luís Covelo Gallego de 8º curso
- 3º Adolfo González Ogando de 8º curso



Para rematar, constatar que este curso participaron no deporte

